Galicia-Hoxe.com

ENCONTRO

A voz dos represaliados

17.07.2007 **Os historiadores non logran delimitar a noción de vítima, o que, segundo Bugallo, alongará a cuantificación dos damnificados**

MAR PICHEL . SANTIAGO

O encontro *Historia e memoria* inaugurouse onte cun primeiro taller sobre a memoria e as vítimas. Nel, representantes das universidades de Sevilla, Lleida, Zaragoza e Santiago de Compostela expuxeron as súas teses arredor destes dous conceptos na primeira charla deste Encontro de grupos e investigadores que trata de "conxugar os distintos proxectos de investigación" sobre a represión franquista, segundo indicou o coordinador Emilio Grandío. No acto de presentación participou a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, quen destacou que todo o traballo de investigación sobre a memoria histórica é un "elemento de xustiza necesario". A titular de Cultura indicou que son precisos anos para cuantificar as vítimas da represión.



Lourenzo Fernández Prieto (esquerda), Ramón Villares, e Ánxela Bugallo durante a presentación do encontro.

A xornada centrouse na noción de "vítima", arredor da cal se xerou un debate sobre a idoneidade de concretar tal concepto para facelo máis operativo e, sobre todo, para poder levar a cabo o traballo de cuantificación. Francisco Espinosa, da Universidade de Sevilla, iniciou a súa exposición expresando que o concepto de vítima é demasiado amplo, xa que nel se deben recoller todas as modalidades de represión e non só os nomes dos condenados á morte. Espinosa destacou que os distintos traballos de investigación serviron para recoñecer a palabra dos represaliados e darlles voz aos que nunca a tiveron para "compartir os seus recordos".

Noutra posición mantívose Ánxela Cenarro, da Universidade de Zaragoza, quen afirmou que estender a definición de vítima a todo aquel que sufrira durante a Ditadura fai non operativo o termo. Neste senso, esta experta avogou por unha delimitación do concepto que evite a estereotipación das vítimas . Outros representantes da Universidade de Santiago manifestáronse de acordo coa tese exposta por Ánxela Cenarro porque só mediante a restrición do concepto se pode chegar a unha cuantificación única para todos os investigadores.

En calquera caso, a percepción de vítima é un debate aberto, debido ao amalgama de posibilidades nas que se manifestou a represión de tipo psicolóxico ou social, polo que se aceptou unha distinción entre vítimas e derrotados. Conxita Mir presentou o proxecto de investigación dos represaliados na provincia de Lleida. Esta experiencia serviulle para coñecer casos concretos de persecución silenciados durante anos e executados baixo as máis variadas modalidades. Por este motivo, a historiadora da Universidade de Lleida defendeu que "non se debe renunciar ao concepto de vítima porque iso implica renunciar a moitas cousas". Destacou que os represaliados se conforman con pouco, só queren un "recoñecemento moral".

A reconstrución do pasado a partir da memoria

Os catro historiadores expuxeron tamén as súas teorías sobre a historia e a memoria e sobre o modo de afrontar a tarefa de reconstruír unha parte moi importante da historia. En cada comunidade ou provincia xurdiron varios proxectos cuns obxectivos tamén distintos. Aínda así, todos se poderían englobar nun fin primario que Ánxela Cenarro concretou en tres palabras: "recordar, dignificar e reparar".

Espinosa falou da "complexidade de traballar con fontes orais" e das precaucións que hai que ter ao traballar cos testemuños, procurando sempre unha "análise crítica, estudo e evaluación" dos mesmos. Odoutor en Historia pola Universidade de Sevilla, quixo distinguir a historia da memoria, posto que estas son dúas facetas que "funcionan de xeito distinto". Nese punto insistiu tamén Ánxela Cenarro ao afirmar que ambos "son sistemas distintos de reconstruír a historia". Expuxo que hai que ter presente que "a memoria é plural e cambia co tempo" e que é "unha fonte de análise e estudo para o historiador"; "a memoria -dixo-pasará e o que quedará será a memoria".

As xornadas continúan hoxe abordando o traballo de investigación das fosas, ás 11 h., e a divulgación de varios proxectos, como o *Barco da Memoria* coa ponencia de Dionisio Pereira, ás 16:30h.

UNHA POLÉMICA COLECCIÓN DE ARTE

Un tesouro en mans da xustiza

Despois da inauguración do encontro de historiadores, a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, manifestouse sobre a colección de arte precolombina que leva dez anos nun almacén de Santiago. A conselleira expresou a intención do seu departamento de facilitarlles ás autoridades calquera información da que dispoña sobre esta colección, que pasa por ser a colección no eido privado máis importante de arte colombina, xa que o tema está agora en mans da xustiza.

Este tesouro, formado por máis de 1.100 pezas, foi motivo dunha exposición na capital galega no ano 1997, inaugurada pola líder indixenista e premio Nobel da Paz Rigoberta Menchú. Desde entón encóntrase depositado nunha casa de mudanzas santiaguesa, ata que unha comisión rogatoria de Perú pediu a devolución deste patrimonio. O xuíz ordenou entón a custodia das pezas, valoradas en máis de 72 millones de euros.

A xustiza peruana cre que o organizador da exposición do 97 é Leonard Patterson, un coñecido traficante de arte, cun amplo historial de fraudes e falsificacións que o levou ao cárcere. Ao parecer a titularidade das pezas, que tamén se atribúe a Leonard Patterson, é ilícita, xa que estas procedían do saqueo dunha antiga pirámide mochina levantada no século I despois de Cristo, segundo unha información recollida no diario *El País*.